

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DO PINO PARA A APLICACIÓN DO PROGRAMA DE OFERTA DE SOLO DE TITULARIDADE DAS ENTIDADES LOCAIS PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, especialmente para os sectores con menos capacidade económica, e a unha utilización do solo de acordo co interese xeral, erradicando a especulación e actuando como elemento de regulación do mercado inmobiliario e de mellora da calidade ambiental, de acordo co establecido na Lei 3/1988, do 27 de abril, da súa creación. Para o cumprimento destes fins pode establecer convenios con entes públicos ou privados, en virtude do sinalado no artigo 3 da referida lei.

Para os efectos sinalados, formalizouse co Concello do Pino, o instrumento convencional arriba referido que estará vixente durante a duración do Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida, regulado pola Resolución do 30 de abril de 2025 da presidenta do IGVS pola que tamén se lle dá publicidade do convenio para asinar entre o instituto e as entidades locais (DOG nº 88, do 9 de maio de 2025).

O convenio ten por obxecto establecer os termos e condicións da colaboración entre o IGVS e o Concello do Pino para o desenvolvemento do Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida.

O instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

O IGVS asume as seguintes obrigas:

- a) Elaborar os pregos de bases polos que se rexerá a adjudicación das parcelas e tramitar os correspondentes procedementos.
- b) Publicar os anuncios da licitación na páxina web do IGVS.
- c) Designar aos membros das Mesas de licitación, entre os que se incluírá un representante da entidade local no relativo á adjudicación de parcelas da súa titularidade, se esta última o indica expresamente.
- d) Efectuar a valoración técnica das ofertas presentadas polas persoas licitadoras.
- e) Elaborar as propostas de adjudicacións dos contratos.



A entidade local asume as seguintes obrigas:

- a) Remitir ao IGVS, coa maior celeridade posible, canta información lle sexa requirida polo dito organismo en relación coa adxudicación das parcelas.
- b) Ditar a correspondente resolución de adxudicación dos contratos.
- c) Remitir ao IGVS os contratos de adxudicación das parcelas asinados no prazo máximo dun mes desde a súa sinatura.

O convenio non supón a existencia de gastos para as partes asinantes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia. As relacións de cooperación e colaboración técnica e administrativa entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en asuntos de interese común poderá realizarse mediante a subscripción de convenios, ao abeiro do sinalado nos artigos 194 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director técnico de Solo Residencial
Joaquín San Martín Zamácola

